O Concello de Verín pon en funcionamento o seu novo portal municipal: www.verin.es , co obxectivo de converterse nun punto de encontro de todos os actores do ámbito local, reforzar a imaxe de marca do municipio e transmitir os recursos existentes.

A través desta dirección os verinenses e internautas accederán a web do Concello de Verín. Cidade de Auga, desde a que obterán información sobre os seguintes aspectos: ente local (organigrama e actuacións no ámbito municipal),
cidade
(axenda cultural, novas, rueiro, tempo e teléfonos de interese),
turismo
(promoción cultural e turística da localidade)
oficina virtual
(conformado polo Buzón do Cidadán, Secretaría, Urbanismo e Servizos Sociais),
Entroido
e
Eurocidade Chaves-Verín
.

Desde o Concello de Verín indícase que esta páxina web busca ser un novo espazo interactivo para contactar cos/as cidadáns/as, fomentando a dixitalización dos servizos e promovendo o intercambio de información entre os axentes do municipio. *"Queremos que a páxina web sexa unha mostra real do que somos, do que temos que ofrecer aos cidadáns e aos que nos visitan ou pensan facelo"* , asegura o rexedor, Juan Manuel Jiménez Morán.